



## CRITERIOS DE DESEMPATE NO PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN

Seguindo o punto 3 do artigo 9 do *DECRETO 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, en caso de **empate na puntuación total** resolverase atendendo á maior puntuación obtida en cada un dos criterios de baremo referidos, seguindo a mesma orde do punto 1 do artigo 9:

- 1º Existencia de irmás ou irmáns matriculadas/os no centro.
- 2º Proximidade ao centro docente do domicilio familiar ou do lugar de traballo.
- 3º Renda per cápita da unidade familiar.
- 4º Por persoa proxenitora, titora ou acollidora traballadora do centro docente.
- 5º Condición de familia numerosa.
- 6º No caso de irmáns nados dun parto múltiple, sempre que soliciten o mesmo centro.
- 7º Condición de familia monoparental.
- 8º Concorrenza de discapacidade na alumna ou alumno, na nai, pai ou titoras/es ou nalgunha/un irmá ou irmán.
- 9º Condición de vítima de violencia de xénero de calquera dos membros computables da unidade familiar.
- 10º Condición de vítima de terrorismo de calquera dos membros computables da unidade familiar.
- 11º Criterio establecido polo centro educativo: "solicitar en primeiro lugar un centro de titularidade pública".

Se unha vez aplicados estes criterios se mantén o empate, este resolverase aplicando o resultado do sorteo público, **o número 0,70, dividido entre 100 (70/100)**.